



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 618  
1 de abril de 2020



CSV: BOPGDSPGR959T3ER2

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

#### 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

##### 2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 1 de abril de 2020, pola que se admiten a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polos que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia co obxecto de que compareza a conselleira de Política Social (doc. núm. 63781), e o escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que insta a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para que comparezan o vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a conselleira de Política Social (doc. núm. 63782) [201395](#)

##### 2.4.3. Convocatorias

Convocatoria da Deputación Permanente (3 de abril de 2020, ás 11.00 horas) [201396](#)



## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

#### 2.4.2. Programación do traballo parlamentario

**Resolución da Presidencia, do 1 de abril de 2020, pola que se admiten a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polos que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia co obxecto de que compareza a conselleira de Política Social (doc. núm. 63781), e o escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que insta a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para que comparezan o vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a conselleira de Política Social (doc. núm. 63782)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tiveron entrada, co número 63781, o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia co obxecto de que compareza a conselleira de Política Social e o escrito, co número 63782, e da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que insta a celebración dunha sesión da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia para que comparezan o vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a conselleira de Política Social.

A Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG nº 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1. Admitir a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, polo que solicitan a celebración dunha sesión da Deputación Permanente da Cámara galega co obxecto de que compareza a conselleira de Política Social (doc. núm. 63781) e o escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que insta a celebración dunha sesión da Deputación Permanente da Cámara galega para que comparezan o vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a conselleira de Política Social (doc. núm. 63782).
2. Dar traslado dos documentos á Deputación Permanente e aos portavoces dos grupos parlamentarios.
3. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.
4. Publicar a presente resolución e os documentos núms. 63781 e 63782 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



### 2.4.3. Convocatorias

#### Convocatoria da Deputación Permanente (3 de abril de 2020, ás 11.00 horas)

A Presidencia, logo da solicitude formulada pola Xunta de Galicia no doc. núm. 63782, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 3 de abril de 2020, ás 11.00 horas, coa seguinte orde do día:

Punto único. Comparecencias:

1.1. Do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre os acordos adoptados no seo do CECOP e a colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19 (doc. núm. 63782, 10/SCDP-000009).

1.2. Da conselleira de Política Social co obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia do COVID-19 (doc. núm. 63782, 10/SCDP-000009).

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## Á Mesa do Parlamento

Os voceiros e a voceira abaixo asinantes, pertencentes aos grupos parlamentarios **dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto**, e membros da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 56.4 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á **convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente**, coa seguinte orde do día:

- 1. Comparecencia da Conselleira de Política Social ante a grave situación que se está a producir nas residencias de maiores con motivo da crise sanitaria provocada polo COVID-19 e as medidas que adoptou, e pensa adoptar, a Xunta de Galicia ao respecto.*

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz adxunto. do G.P. dos Socialistas de Galicia

Antón Sánchez García

Portavoz do G.P. do Grupo Común da Esquerda

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

David Rodríguez Estévez

Portavoz s. do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/04/2020 11:10:12**





**Antón Sánchez García na data 01/04/2020 11:15:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2020 11:16:45**

**David Rodríguez Estévez na data 01/04/2020 11:21:36**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Parlamento de Galicia  
Legislatura X

Entrada: 63782 01-04-2020 11:19:59

10/PPP-000122



En virtude das facultades que lle confire o artigo 56, punto 4 do Regulamento do Parlamento de Galicia, teño a honra de instarlle á celebración dunha sesión da Deputación Permanente da Cámara galega, con carácter urxente ao abeiro do artigo 98.1 do citado Regulamento, e na que, como punto da orde do día, comparecerán:

- o Vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar sobre os acordos adoptados no seo do CECOP e a colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID - 19.
- a conselleira de Política Social ao obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia do COVID-19.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

